

# IDENTIFICACIÓN EN GANDO PORCINO



# IDENTIFICACIÓN EN GANDO PORCINO

## 1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

**REQUISITO 1.-** Ter a explotación porcina correctamente rexistrada no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA), debidamente clasificada.

**REQUISITO 2:** Ter o libro de rexistro da explotación correctamente cumprimentado, coincidindo os seus datos cos animais presentes na explotación, e conservándoo polo menos durante 3 anos.

**REQUISITO 3:** Conservar a documentación relativa á orixe, identificación e destino dos animais que posúa, transporte, comercialice ou sacrifique.

**REQUISITO 4:** Identificar os animais segundo establece a normativa.

### Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- **Directiva 2008/71/CE** relativa á identificación e ao rexistro de porcos.
- Artigo 3: Rexistro de explotacións porcinas por parte dos Estados Membros.
- Artigo 4: Condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie porcina.
- Artigo 5: Requisitos de identificación e do movemento de animais da especie porcina.

### Normativa Nacional de referencia (segundo o Real Decreto 486/2009)

**Real Decreto 205/1996**, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, porcina, ovina e cabrúa.

**Real Decreto 324/2000**, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.

**Real Decreto 479/2004**, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

**Real Decreto 728/2007**, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de movemento de gando e o Rexistro xeral de identificación individual de animais.



## 2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Antes de comezar a actividade, tramitar na Oficina Agraria Comarcal (OAC) o rexistro da explotación, para a súa inclusión na base de datos do REGA. Deben estar rexistradas todas as explotacións, mesmo as de autoconsumo (ata cinco porcos de cebo).
2. Identificar todos os animais, o antes posible e en calquera caso antes de que saian da explotación, mediante un crotal colocado na orella ou unha tatuaxe con tinta indeleble, co código da explotación da que proceden os animais.
3. Do mesmo xeito, comprar animais correctamente identificados.
4. Cubrir correctamente o libro de rexistro da explotación, anotando as entradas e saídas de animais da explotación, sinalando a explotación de orixe ou destino, a data do movemento e o código da marca de identificación dos animais.
5. Conservar o libro de rexistro durante ao menos tres anos.
6. No caso de entrada ou saída dalgún animal na explotación, notificar o dito movemento. Pode facelo a través da Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>), chamando ao 012, ou na Oficina Agraria Comarcal no prazo de 7 días dende a data do movemento.
7. Gardar os documentos de acompañamentos dos animais comprados ou vendidos (guías, documentos de traslado...).
8. Comunicar, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo total de animais mantidos na explotación a día 31 de decembro do ano anterior, por categorías. Pode facelo a través da Oficina Agraria Virtual, no 012, ou na OAC.





## 3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

### INFORMACIÓN ADICIONAL

Para acceder á Oficina Agraria Virtual, precisa un número de identificación persoal, que se lle facilitará na Oficina Agraria Comarcal.

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en [http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica\\_agraria\\_comun/condicionalidad/](http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/) ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>).

# IDENTIFICACIÓN EN GANDO PORCINO



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR